

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021767	Castro da Uz	Pontes de García Rodríguez (As)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CBTMV11	Mantemento de vehículos	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3047	Mecánica do vehículo	2023/2024	11	246	295

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JESÚS ÁNGEL IGLESIA CIDERES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título profesional básico en Mantemento de Vehículos consiste en realizar operacións básicas de mantemento electromecánico e carrozaría de vehículos, desmontando e montando elementos mecánicos, eléctricos e amovibles do vehículo, e executando operacións básicas de preparación de superficies, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

O perfil profesional, dentro do sector produtivo, sinala unha evolución cara ao uso de novos materiais (novas aliaxes, materiais compostos, etc.) que constituirán os motores e os elementos da área de electromecánica, cunha redución de peso, o que redundará nun consumo máis racional dos vehículos e nunha menor contaminación. Apúntase tamén ao uso de novos elementos electrónicos e informáticos que gobernen os sistemas dos vehículos e, en moitos casos, substitúan elementos mecánicos. Implantaranse progresivamente novos motores alimentados por combustibles non derivados do petróleo, en moitos casos os denominados híbridos (con combustibles alternativos) e eléctricos. O cambio de velocidades será substituído por variadores de velocidade automáticos. O uso de equipamentos cada vez máis sofisticados debe permitir unha maior precisión nos traballos de reparación, diagnose e verificación na área de electromecánica.

A aplicación de novas normas na seguridade activa e pasiva dos vehículos dará lugar a un aumento nos niveis de calidade esixidos no mantemento, determinando unha actividade máis rigorosa para o seu control, baseada na comprensión e na aplicación adecuada das normas de calidade específicas.

As estruturas empresariais modernizaranse e producirase un incremento considerable dos investimentos destinados á adquisición de bens de equipamento, cunha importante renovación e implantación de maquinaria. Tamén se prevé o desenvolvemento dos plans de seguridade nos talleres coa aplicación da normativa de seguridade, prevención e protección ambiental, así como a súa adaptación ao tratamento e á xestión de residuos e axentes contaminantes, e a maior esixencia na súa aplicación e no seu cumprimento.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	MOTORES E OS SEUS SISTEMAS AUXILIARES	Motor de combustión, Otto, Diésel, de dous tempos. Características. Distribución. Lubricación. Refrixeración. Acendido.	130	40
2	SISTEMAS DE TRANSMISIÓN E FREOS	Embrague. Caixa de cambios. Árbore de transmisión, caixa transfer e semiárbores. Tipos de freos e compoñentes.	83	30
3	SISTEMAS DE SUSPENSIÓN, DIRECCIÓN E RODAS	Tipos de suspensión. Compoñentes. Dirección. Compoñentes. Tipos de rodas.	82	30

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	MOTORES E OS SEUS SISTEMAS AUXILIARES	130

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza o mantemento básico do motor de explosión e diésel analizando os seus principios de funcionamento, e xustifica as actuacións de mantemento requiridas	SI
RA4 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados das operacións de mecánica do vehículo	SI
RA5 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse os principios de funcionamento dos motores de explosión de dous e catro tempos en gasolina e diésel cos seus elementos construtivos
CA1.2 Comprobáronse os niveis do circuíto de lubricación e refrixeración e, en caso necesario, repuxéronse, segundo as normas e condicións de seguridade establecidas
CA1.3 Extraéronse e repuxéronse os fluídos do circuíto de lubricación e refrixeración, nas condicións de seguridade requiridas, e comprobáronse os seus niveis segundo as especificacións de fábrica
CA1.4 Realizouse a substitución de compoñentes básicos do circuíto de engraxamento (filtro de aceite, cárter, etc.) segundo os procedementos establecidos e as especificacións de fábrica
CA1.5 Substituíronse elementos básicos do circuíto de refrixeración e comprobouse a ausencia de fugas, aplicando os pares de aperto especificados por fábrica e conforme as condicións de seguridade requiridas
CA1.6 Realizouse a substitución dos filtros do vehículo (de aire, de aceite, de gasóleo, etc.) e comprobouse o seu funcionamento, seguindo as normas e as condicións de seguridade establecidas
CA1.7 Substituíronse as buxías de acendemento e os quantadores en motores de gasolina e diésel respectivamente, utilizando a ferramenta adecuada, e comprobouse o seu funcionamento, seguindo as normas e as condicións de seguridade establecidas
CA1.8 Repuxéronse as correas de servizo e verificouse o seu axuste e o seu funcionamento, conforme as especificacións de fábrica
CA1.9 Levouse a cabo a lubricación, a limpeza e o mantemento de primeiro nivel das ferramentas, dos equipamentos e dos utensilios utilizados, segundo as especificacións de fábrica
CA1.10 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados, procurando non causar dano aos elementos periféricos
CA4.1 Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para as operacións de mecánica do vehículo
CA4.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito nas operacións de mecánica do vehículo
CA4.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coas operacións de mecánica do vehículo
CA5.1 Identificáronse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA5.2 Identificáronse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA5.3 Aplicáronse en todas as fases do proceso as normas de seguridade persoal e ambiental requiridas
CA5.4 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA5.5 Identificáronse os residuos producidos nas operacións realizadas no taller de mecánica e depositáronse nos seus contedores específicos

Criterios de avaliación
CA5.6 Preparáronse convenientemente os residuos, nomeadamente os líquidos, e dispuxéronse para a súa posterior recollida
CA5.7 Mántívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

4.1.e) Contidos

Contidos
Elementos principais que constitúen os motores.
Sistema de lubricación: elementos principais que compoñen o circuíto de engraxamento.
Sistema de refrixeración: elementos principais que compoñen o sistema de refrixeración.
Tipos de acendemento: elementos que compoñen o sistema.
Sistema de caldeamento diésel: elementos que compoñen o circuíto de quentamento en motores diésel.
Filtros.
Correas de servizo: tipos de correas.
Técnicas de substitución e extracción.
As persoas emprendedoras nas operacións de mecánica do vehículo.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación nas operacións de mecánica do vehículo.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coas operacións de mecánica do vehículo.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.
Directiva de residuos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	SISTEMAS DE TRANSMISIÓN E FREOS	83

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza o mantemento básico do motor de explosión e diésel analizando os seus principios de funcionamento, e xustifica as actuacións de mantemento requiridas	NO
RA3 - Realiza o mantemento básico do sistema de transmisión e freos, analizando os seus principios de funcionamento, e xustifica as actuacións de mantemento requiridas	SI
RA4 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados das operacións de mecánica do vehículo	SI
RA5 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.9 Levouse a cabo a lubricación, a limpeza e o mantemento de primeiro nivel das ferramentas, dos equipamentos e dos utensilios utilizados, segundo as especificacións de fábrica
CA1.10 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados, procurando non causar dano aos elementos periféricos
CA3.1 Relacionáronse os principios do funcionamento do sistema de transmisión e freos coas características construtivas e os elementos que o compoñen
CA3.2 Comprobáronse os niveis de fluídos da caixa de cambios e do diferencial, e repuxéronse ou substituíronse en caso necesario, cos utensilios adecuados
CA3.3 Realizouse a substitución dos árbores de transmisión e semiárbores tendo en conta os tipos e os elementos que os compoñen, segundo as especificacións de fábrica
CA3.4 Verificáronse os niveis do líquido de freos e repuxéronse ou substituíronse en caso necesario, segundo os procedementos establecidos
CA3.5 Realizouse a desmontaxe e a montaxe de pastillas e zapatas de freos, e axustáronse os seus elementos segundo as especificacións de fábrica
CA3.6 Substituíronse os discos e os tambores de freos, tendo en conta os procedementos establecidos e as especificacións de fábrica
CA3.7 Verificouse a ausencia de fugas nos elementos substituídos
CA3.8 Levouse a cabo a lubricación, a limpeza e o mantemento de primeiro nivel das ferramentas e dos equipamentos utilizados, segundo as especificacións de fábrica
CA3.9 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados
CA4.1 Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para as operacións de mecánica do vehículo
CA4.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito nas operacións de mecánica do vehículo
CA4.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coas operacións de mecánica do vehículo
CA5.1 Identifícanse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA5.2 Identifícanse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA5.3 Aplicáronse en todas as fases do proceso as normas de seguridade persoal e ambiental requiridas
CA5.4 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades

Crterios de avaliación
CA5.5 Identifícanse os residuos producidos nas operacións realizadas no taller de mecánica e depositáronse nos seus contedores específicos
CA5.6 Preparáronse convenientemente os residuos, nomeadamente os líquidos, e dispuxéronse para a súa posterior recollida
CA5.7 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

4.2.e) Contidos

Contidos
Tipos de transmisión.
Principais compoñentes do sistema de transmisión.
Técnicas de substitución e extracción.
Tipos de freos.
Principais compoñentes do sistema de freos.
Técnica de substitución.
Equipamentos, utensilios e ferramentas.
Aparellos de medida directa.
As persoas emprendedoras nas operacións de mecánica do vehículo.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación nas operacións de mecánica do vehículo.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coas operacións de mecánica do vehículo.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.
Directiva de residuos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	SISTEMAS DE SUSPENSIÓN, DIRECCIÓN E RODAS	82

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza o mantemento básico do motor de explosión e diésel analizando os seus principios de funcionamento, e xustifica as actuacións de mantemento requiridas	NO
RA2 - Realiza o mantemento básico do sistema de suspensión e rodas do vehículo, analizando os seus principios de funcionamento, e xustifica as actuacións de mantemento requiridas	SI
RA4 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados das operacións de mecánica do vehículo	SI
RA5 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.9 Levouse a cabo a lubricación, a limpeza e o mantemento de primeiro nivel das ferramentas, dos equipamentos e dos utensilios utilizados, segundo as especificacións de fábrica
CA1.10 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados, procurando non causar dano aos elementos periféricos
CA2.1 Relacionáronse os principios de funcionamento do sistema de suspensión e rodas coas características construtivas dos elementos que os compoñen
CA2.2 Realizouse a desmontaxe e a montaxe dos amortecedores do vehículo seguindo as especificacións de fábrica e tendo en conta as condicións de seguridade requiridas
CA2.3 Separouse o amortecedor do seu resorte en condicións de seguridade, utilizando o utensilio axeitado e seguindo as especificacións de fábrica
CA2.4 Desmontáronse e montáronse as barras de torsión dun vehículo e comprobouse a súa posición, seguindo as especificacións de fábrica
CA2.5 Repuxéronse as béstas de suspensión tendo en conta os procedementos establecidos e as especificacións de fábrica
CA2.6 Desmontouse a barra estabilizadora e comprobouse o seu funcionamento e a incidencia destas no vehículo
CA2.7 Relacionouse o tipo de roda e de pneumático coa nomenclatura impresa, a composición e a estrutura
CA2.8 Desmontouse a roda do vehículo, substituindo ou reparando o pneumático co equipamento adecuado, con corrección, identificando as súas partes e seguindo as normas de seguridade estipuladas
CA2.9 Equilibrouse a roda, verificando os seus parámetros, e corríxíronse as anomalías detectadas
CA2.10 Levouse a cabo a lubricación, a limpeza e o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos, as ferramentas e os utensilios utilizados, segundo as especificacións de fábrica
CA2.11 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos axeitados
CA4.1 Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para as operacións de mecánica do vehículo
CA4.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito nas operacións de mecánica do vehículo
CA4.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coas operacións de mecánica do vehículo
CA5.1 Identificáronse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA5.2 Identificáronse os riscos ambientais asociados ao proceso

Criterios de avaliación
CA5.3 Aplicáronse en todas as fases do proceso as normas de seguridade persoal e ambiental requiridas
CA5.4 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA5.5 Identificáronse os residuos producidos nas operacións realizadas no taller de mecánica e depositáronse nos seus contedores específicos
CA5.6 Preparáronse convenientemente os residuos, nomeadamente os líquidos, e dispuxéronse para a súa posterior recollida
CA5.7 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

4.3.e) Contidos

Contidos
Tipos de suspensión.
Principais compoñentes do sistema de suspensión.
Técnicas de desmontaxe e utensilios.
Tipos de rodas.
Técnicas de desmontaxe e montaxe de rodas.
Equipamentos e ferramentas utilizados.
As persoas emprendedoras nas operacións de mecánica do vehículo.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación nas operacións de mecánica do vehículo.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coas operacións de mecánica do vehículo.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.
Directiva de residuos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os criterios para a cualificación dos alumnos matriculados en formación profesional en Galicia vén regulada pola Orde do 12 de xullo, de 2011, a cal regula o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación dos estudantes de formación profesional inicial.

A cualificación obtida nos módulos será sempre numérica, asignándosele un valor entre un e dez, sen decimais.

Para que o alumno promocióne necesitará superar todos os módulos profesionais que compoñen o ciclo formativo.

Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco puntos.

Para obter unha cualificación positiva en cada unidade didáctica é necesario obter unha cualificación de 5 ou superior unha vez aplicadas as medias ponderadas dos diferentes instrumentos de avaliación e ademais obter unha cualificación mínima de 5 en aquelas probas que avalien criterios de avaliación considerados como mínimo exigible.

Para obter unha cualificación final do módulo positiva, a media ponderada de todas as probas realizadas nas diferentes unidades didácticas será igual ou superior a cinco puntos.

Procedemento de avaliación e sistema de cualificación:

a) Participación na aula-taller

Peso na cualificación: 20%

Valorarase o interese demostrado no traballo, a orde e limpeza, a forma de afrontar os problemas, o cumprimento das normas de seguridade e hixiene e as actividades de formación complementarias; iniciativa, participación e responsabilidade no traballo, permanencia no seu posto de traballo, coidado no manexo da ferramenta e dos aparellos de medida, respecto polas instalacións e o contido nelas, uso e coidados dos elementos de protección persoal, respecto e convivencia cara os compañeiros e docentes.

Toda a información pertinente recollerase nos diferentes libros de seguemento.

b) Elaboración e presentación de prácticas ou traballos

Peso na cualificación: 50%.

Ao longo de cada trimestre proporase a elaboración de prácticas ou traballos que o alumno deberá realizar ben individualmente ou ben a nivel grupal segundo decida o profesor en cada un deles. Valorarase os traballos realizados polo alumno, o tempo empregado, a calidade de dito traballo e as destrezas observadas, así coma a autonomía, as técnicas aplicadas, os procedementos empregados, os procesos de traballo seguidos e a selección de medios.

Esta información recollerase nos diferentes libros de seguemento, mediante táboas de observación ou listas de cotexo.

c) Probas específicas

Peso na cualificación: 30%

Ao longo de cada trimestre estableceranse unha ou varias probas sobre as unidades traballadas.

As probas poderán ser teóricas, prácticas ou unha combinación de ambas.

Mínimos exigibles para acadar a avaliación positiva:

PROBAS ESCRITAS.

Para obter a cualificación de aprobado, o alumno/a deberá acadar un 5 de media nas probas que se estableceron ao longo do trimestre.

Para que se faga media é imprescindible que o alumno teña unha puntuación mínima de 4 puntos en cada unha das probas propostas.

PRÁCTICAS OU TRABALLOS.

Para obter a cualificación de aprobado un alumno/a deberá realizar e, se procede, entregar todas as prácticas ou traballos que se propoñan e acadar en cada un dos traballos e prácticas unha puntuación mínima.

Para obter a cualificación de aprobado a suma das cualificacións obtidas en cada un dos apartados a avaliar (participación na aula-taller, prácticas ou traballos e probas escritas) debe ser igual ou superior a 5.

CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO

A nota final de cada avaliación será un número enteiro, das medias ponderadas das probas escritas, táboas de observación directa dos procesos realizados no taller e lista de cotexo diaria da actitude do alumno aplicando as porcentaxes indicadas anteriormente.

A cualificación final da media ponderada de tódalas probas será redondeada a número enteiro, e realizácese segundo o seguinte criterio.

Entre 0 e 1,49 = 1

Entre 1,50 e 2,49 = 2

Entre 2,50 e 3,49 = 3

Entre 3,50 e 4,49 = 4

Entre 4,50 e 5,49 = 5

Entre 5,50 e 6,49 = 6

Entre 6,50 e 7,49 = 7

Entre 7,50 e 8,49 = 8

Entre 8,50 e 9,49 = 9

Entre 9,50 e 10 = 10

Si polos motivos que fosen se deran as seguintes situacións:

MODO SEMIPRESENCIAL.

Sería o mesmo que o anterior, xa que o alumnado pode asistir presencialmente ao centro educativo.

MODO NON PRESENCIAL.

Elaboración e presentación ou traballos.

Ao non ser posible a realización de prácticas presenciais o alumno realizará traballos propostos polo profesor a través da Aula Virtual ou outros medios telemáticos, con tempo límite para a súa entrega, estes serán valorados polo profesor.

Esta información recollerase no Caderno do Profesor, táboas de observación ou listas de cotexo e a actividade quedará rexistrada e almacenada.

b) Probas específicas

De non ser posible a realización de probas escritas presenciais, ao longo de cada trimestre estableceranse unha ou varias probas sobre as unidades traballadas publicadas a través da Aula Virtual ou outros medios telemáticos, previo aviso de data e hora de publicación e tempo dispoñible para a súa realización.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que non superasen o módulo pendente durante o período de setembro a marzo/abril, poderán recuperalo durante o 3º trimestre (abril-xuño) séndolles asignadas unha serie de actividades de recuperación.

Ao final da realización destas actividades de recuperación haberá unha avaliación final. A data final desta avaliación do módulo pendente concretarase durante o 3º trimestre pero terá que desenvolverse durante a primeira quincena do mes de xuño. Esta data ou datas de avaliación exporanse no taboleiro de anuncios do centro.

Instrumentos de Avaliación.

Coa fin de garantir a función formativa e que o alumnado sexa avaliado con plena obxectividade, ao longo deste período de recuperación empregaremos varios instrumentos e procedementos de avaliación que a continuación detallamos:

Participación nas clases de recuperación.

Valorarase a implicación e traballo diario por parte do alumno/a nas actividades de recuperación, valorándose o tempo empregado, a calidade de dito traballo e as destrezas observadas, así coma a autonomía, as técnicas aplicadas, os procedementos empregados, os procesos de traballo seguidos e a selección de medios.

Probas Específicas acerca dos contidos das unidades de traballo.

Ao final do período de recuperación establecerase unha proba específica que incluírá os contidos propios do módulo.

Sistema de Cualificación.

Os instrumentos anteriormente sinalados terán o seguinte peso porcentual á hora de establecer a cualificación.

Porcentaxe global da cualificación.

Participación nas clases de recuperación: 20%

Proba Específica: 80%. Para obter a cualificación de aprobado, o alumno/a deberá acadar unha cualificación mínima nesta proba de 4.

Para obter a cualificación de aprobado no módulo durante este período extraordinario de recuperación, a suma das cualificacións obtidas en cada un dos apartados a avaliar (PARTICIPACIÓN /PROBAS ESPECIFICAS) debe ser igual ou superior a 5.

Para a recuperación dos criterios de avaliación relacionados coa participación nas clases, cando a media aritmética de todas as cualificacións obtidas nas táboas de observación directa ao longo do curso sexa inferior a 5 puntos, o alumno realizará un traballo monográfico con un mínimo 30 páxinas, con letra tipo Arial, tamaño 10 puntos, en espazado simple, no cal trataranse tódolos contidos relacionados con aqueles criterios de avaliación actitudinais:

1. Riscos inherentes no taller de electromecánica.
2. Normas de seguridade no taller de electromecánica. Lexislación aplicable.
3. Equipos de protección colectiva: Tipos, clasificación e características.
4. Equipos de protección individual: Tipos, clasificación e características.
5. Normas de protección ambiental en talleres de electromecánica. Lexislación aplicable.
6. Identificación e clasificación dos residuos producidos nas actividades realizadas no taller de electromecánica.
7. Procedementos para a retirada de refugallos producidos nas operacións de electromecánica.
8. Directiva de residuos e de envases dos produtos empregados nas operacións de electromecánica.
9. Reciclaxe dos refugallos producidos nas operacións de electromecánica.
10. Organización do taller de electromecánica.
11. Influencia da orde e hixiene como primeiro factor de risco nos talleres de electromecánica.
12. Procedementos de organización e limpeza do taller de electromecánica.
13. Conclusión final e reflexión persoal.
14. Bibliografía de referencia.

Para a súa entrega o traballo monográfico contará ademais con unha portada, un índice e unha introdución.

En este traballo monográfico valorase a orixinalidade, presentación en tempo e forma, estrutura da redacción, claridade e profundización nos contidos e bibliografía empregada. A cualificación será de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar unha cualificación mínima de 5 para recuperar esta parte.

A cualificación final do módulo será a media ponderada de todos os criterios de avaliación cualificados nas diferentes probas. Se o alumno obtén unha cualificación superior a 5 puntos, en aqueles criterios de avaliación considerarase que o devandito trimestre está aprobado, calculándose o valor da súa nota que será a que figure no seu expediente académico.

Avaliación final:

Os alumnos que non superen todas ou varias das unidades didácticas, realizarán unha proba teórica, unha proba práctica ou ambas en función das partes que non estean superadas, onde terán que demostrar os seus coñecementos, destrezas e actitudes. O alumno será informado en todo momento dos criterios a seguir para a súa avaliación.

As probas xa sexan teóricas ou prácticas serán semellantes ás realizadas durante o curso.

Se o alumno obtén unha cualificación positiva, seguindo os criterios de avaliación considerarase que o devandito módulo está aprobado, calculándose o valor da súa nota que será a que figure no seu expediente académico.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdeu o dereito a avaliación continua durante o período de setembro a marzo/abril, poderán recuperalo a o final do 3º trimestre séndolles asignadas aos alumnos unha serie de actividades de recuperación.

A data final desta avaliación do módulo pendente concretarase durante o 3º trimestre pero terá que desenvolverse durante a primeira quincena do mes de xuño. Esta data ou datas de avaliación exorpanse no taboleiro de anuncios do centro.

Instrumentos de Avaliación.

Coa fin de garantir a función formativa e que o alumnado sexa avaliado con plena obxectividade, ao longo deste período de recuperación empregaremos varios instrumentos e procedementos de avaliación.

Sistema de Cualificación.

Proba teórica: 50%. Para obter a cualificación de aprobado, o alumno/a deberá acadar unha cualificación mínima nesta proba de 4.

Proba Específica: 50%. Para obter a cualificación de aprobado, o alumno/a deberá acadar unha cualificación mínima nesta proba de 4.

Para obter a cualificación de aprobado no módulo a suma das cualificacións obtidas en cada un dos apartados a avaliar (PROBAS TEÓRICAS/PROBAS ESPECÍFICAS) debe ser igual ou superior a 5.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Comprobarase ao longo do curso que coincidan os tempos estimados cos reais, para poder efectuar as concrecións da programación do seguinte curso.

A observación da resposta do alumnado á hora de desempeñar as diferentes tarefas e prácticas servirá para saber se os coñecementos transmitidos foron realmente comprendidos ou necesitan repasarse.

Este seguemento levarase a cabo a través da aplicación de programacións.

Unha enquisa anónima ao final de curso poderá darnos unha idea do que debemos corrixir para o seguinte curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Proba escrita sobre conceptos propios do módulo. Nesta proba faranse preguntas sobre medidas, cálculos básicos, terminoloxías, identificación de ferramentas, etc.; que nos poidan axudar a coñecer de onde podemos partir ao comezar o curso.

Tamén durante os primeiros días observarase as posibles necesidades que poidamos detectar, falarase co resto de equipo docente para poder atallar calquer problema o antes posible.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Non vou ter alumnado con medidas de reforzo.

Ainda así farase un seguemento durante as clases para ver si todo o alumnado asimila os conceptos e realiza as actividades con solvencia, si se detectase calquer problema intentarase solventar con máis apoio ao alumnado que se detecte que lle costa assimilar os conceptos tratados durante as clases.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A igualdade entre alumnos será fundamental. Evitaranse discriminacións por raza, sexo, nacionalidade, relixión, etc.

O civismo, a puntualidade, a orde, a limpeza, o respecto polos compañeiros e o profesorado, o coidado do material, etc. serán de obrigado cumprimento; influíndo na nota acadada.

A educación ambiental inculcando ao alumnado a responsabilidade no tratamento de residuos do vehículo, así como na importancia da redución das emisións contaminantes emitidas a atmosfera.

A educación para a saúde inculcando ao alumnado as normas de seguridade, prevención de riscos e hixiene no traballo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizaranse as visitas acordadas polo Departamento e aprobadas polo Consello Escolar.

10. Outros apartados

10.1) .